

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D^a. María Guadalupe Pombo Carril (PSdeG-PSOE)
D^a. Marta María Figueroa Fuentes (PSdeG-PSOE)
D..^a Juan Carlos Iglesias Lovelle (PSdeG-PSOE)
D^a. Marta María Iglesias Becerra (PSdeG-PSOE)
D. Miguel Suárez García (PSdeG-PSOE)
D^a. Jessica Méndez Sánchez (PSdeG-PSOE)
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez (PSdeG-PSOE)
D^a. María Penélope López Díaz (PSdeG-PSOE)
D. Carlos Liñares Gestal (PSdeG-PSOE)
D^a Susana Amor Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Abraham Seijas González (PSdeG-PSOE)
D^a. Izaskun García Gorostizu (Grupo Político Popular)
D. Antón Prieto García (Grupo Político Popular)
D. Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG)
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera (BNG)
D. Gonzalo Méndez Mosqueira (BNG)
D^a. María Alicia Ferreiro Varela (Alternativa dos Veciños)
D. Eduardo José Mourelle Botana (Alternativa dos Veciños)
D^a. Sandra María Marzoa García (Alternativa dos Veciños)

Non asiste:

D. Alfonso Rico Vereá (Grupo Político Popular)

A Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

A Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás dez horas do día vinte e un de setembro de dous mil vinte e dous, reúnese en sesión extraordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora municipais.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia fai uso da palabra e di que se inicia a sesión plenaria solicitada polos grupos do Partido Popular, o Bloque Nacionalista Galego e Alternativa dos Veciños de Culleredo para que o goberno municipal puxera a disposición de todos os grupos toda a información que o Concello de Culleredo tivera referida á Unidade de Actuación 16, e engade que o que o Concello ten son expedientes administrativos e que non hai ningunha outra información nin tan sequera o persoamento do Concello en calquera outra causa en relación con esta unidade de actuación 16 e di que agarda que haxa xustiza; indica que nas dacións de conta non procede que haxa quenda de debate e que neste pleno non hai unha proposta concreta que se poida votar e chegar a un acordo se procedera polo que a orde do día da sesión que se está a celebrar baseouse unicamente nunha dación de conta pero que, dado que seguramente os grupos que solicitaron a súa celebración revisaron a documentación e engade que van ter moito tempo por diante para poder revisala, vai abrir unha única quenda de intervencións para que cada un dos

grupos expoña os motivos da súa solicitude e o goberno municipal poida tomar as notas pertinentes para poder responder tanto neste pleno no que sexa posible como en calquera outro sobre todo aquilo que sexa competencia municipal.

A continuación a Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do único asunto incluído na Orde do Día da convocatoria.

ÚNICO.- DACIÓN DE CONTA AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DOS EXPEDIENTES RELACIONADOS COA UNIDADE DE ACTUACIÓN 16 (UAU/2015/299, UAU/2021/510 E UAJ/2017/28)

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 16/09/2022, que a continuación se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

ASUNTO.- POSTA A DISPOSICIÓN DA DOCUMENTACIÓN CORRESPONDENTE AOS EXPEDIENTES RELACIONADOS COA UA16.

Visto o escrito asinado por todos os membros dos grupos políticos popular, BNG e Alternativa dos Veciños da Corporación municipal, no que se solicita a convocatoria dun pleno extraordinario e a posta a disposición dos membros da Corporación de toda a documentación obrante nos expedientes relacionados coa UA 16, presentado no Rexistro xeral do Concello de Culleredo nas seguintes datas:

01/09/2022:

Rexistro número 2022/8405: presentado por dona Beatriz Pérez Mosquera (BNG)

Rexistro número 2022/8409: presentado por don Gonzalo Méndez Mosquera (BNG)

Rexistro número 2022/8413: presentado por don Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG)

02/09/2022:

Rexistro número 2022/8417: presentado por dona Izaskun García Gorostizu, na súa cualidade de voceira do grupo político popular.

Rexistro número 2022/8449: presentado por don Eduardo José Mourelle Botana, na súa cualidade de voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños.

05/09/2022:

Rexistro número 2022/8470: presentado por don Antón Prieto García (grupo político popular)

08/09/2022:

Rexistro número 2022/8665: presentado por dona Sandra María Marzoa García (Alternativa dos Veciños).

Tendo en conta o establecido nos artigos 67 e 73 do Regulamento orgánico municipal, en relación cos artigos 78 e 84 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

C.I.F. P-1503100-H

PROPONSE AO PLENO:

ÚNICO.- Dar conta a todos os membros da Corporación municipal dos expedientes que de seguido se relacionan, correspondentes á documentación obrante no Concello en relación coa UA 16:

Expediente UAU/2012/16

Expediente UAU/2015/299

Expediente UAU/2021/510

Expediente UAJ/2017/28

O acceso aos expedientes referidos farase electrónicamente para aqueles documentos subidos á plataforma e/ou presencialmente no departamento de Secretaría xeral desde o mesmo día da convocatoria e no horario correspondente ao normal de oficinas, tal como establece o artigo 73 do Regulamento orgánico municipal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe polo Sr. alcalde, don José Ramón Rioboo Castro.”

C.I.F. P-1503100-H

Aberta a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o seu grupo, xunto cos outros grupos da oposición, solicitaron a celebración do pleno extraordinario que se está a realizar, cunha soa orde do día, que é aclararlle a situación a todos os veciños e veciñas de Culleredo, e máis concretamente aos veciños de Vilaboa, os afectados polo convenio urbanístico realizado na Unidade de Actuación 16, sita en Vilaboa, xa que consideran que o Concello de Culleredo e máis o seu alcalde deberían dar algún tipo de explicación; indica que os citados veciños tiveron que ir no seu momento ao Xulgado para interpoñer unha denuncia porque se viron desamparados e engade que os días 13, 17 e 28 de xuño do 2022 celebrouse un xuízo no Xulgado do Penal número 4 da Coruña, no que foron citados os representantes das empresas Monelos Aparcamientos, SL e Naiguata, SL, xunto co anterior alcalde, don Julio Sacristán de Diego, chegando ao seu Grupo información da que vai facer un pequeno resumo e di que a empresa Monelos Aparcamientos, SL embárgalle as fincas a Naiguata, SL por un préstamo impagado dun millón de euros, sendo formalizado dito préstamo no ano 2009 entre as dúas construtoras, con dous meses de prazo e cuns xuros do 1%; relata que as dúas empresas citadas, según parece ser, estaban quebradas nese momento e eran insolventes, engadindo que son feitos probados en sede xudicial segundo as contas do Rexistro Mercantil, que non se produciu ningunha transferencia de diñeiro entre ambas empresas senón que o que se produce é unha transferencia de cartos do representante da empresa Monelos Aparcamientos, SL do seu patrimonio persoal a beneficio de Inmobiliaria Residencial Parque Ronda, SL, na que parece ser o seu administrador é o mesmo da empresa NAIGUATA, SL, que naquel momento estaba embargada.

Segue a súa intervención e di que na data do 16 de novembro de 1998 unha veintena de propietarios de vivendas e leiras asinan co Concello de Culleredo un convenio urbanístico polo que ceden ao Concello de Culleredo unha parte dos terreos para un vial e, a cambio, o Concello incrementa a edificabilidade da parcela, que na unidade de actuación 18 era de 0,70 e pasa a ser de 1 m2, reunificando o terreo das unidades de actuación 16 e 18 nunha única unidade de actuación; di que o acordo foi aprobado no Pleno municipal do Concello de Culleredo o 30 de maio do 2000. Indica que a contraprestación do convenio urbanístico foi negociada entre o administrador de Naiguata, SL e o anterior alcalde, don Julio Sacristán de Diego, en representación do Concello de Culleredo, para posteriormente realizar unha operación de permuta cos propietarios asinantes do convenio, operación na que parece ser que estaba presente o Sr. alcalde; di que Naiguata, SL adquiriu mediante permuta 8.483 m2 de terreo edificable no centro de Vilaboa sen pagar cartos ningún e coa sinatura dos contratos de permuta Naiguata, SL quedou subrogada no convenio urbanístico.

Segue a súa intervención o Sr. Mourelle Botana e di que, ao parecer, o anterior alcalde estivo presente na notaría presenciando a sinatura dos contratos de permuta e que a súa presenza deulles confianza aos veciños. Di que todo o que vén de dicir é segundo a información achegada ao seu grupo.

Indica o Sr. Mourelle Botana que os contratos de permuta prometían a futura entrega de pisos a cambio das vivendas e fincas, estando só condicionadas á aprobación do PXOM que nunca se aprobou e segue sen aprobar, sen que tiveran cláusula ningunha de resolución de contrato que devolvese o inmovible e as fincas aos propietarios orixinarios, no caso de non ser aprobado o PXOM, incumprimento do construtor, retraso ou outra circunstancia, non tendo prazo de execución nin reserva de propiedade e non requiriron de ningún aval. Di que unha vez asinado o contrato as vivendas foron derrubadas no ano 2000 e o solar permaneceu baleiro ata hoxe; di que ademais de perder os seus inmoables, cada familia abonou 12.000 euros por vivenda en concepto de IVE polo piso teórico que recibirían, e plusvalías ao Concello, e algún afectado seguiu pagando o IBI ata o 2010.

Segue a dicir que, despois do pequeno resumo dos feitos acontecidos que vén de facer, os membros de Alternativa dos Veciños consideran que non están no pleno para facer un xuízo pois para iso xa está o Xulgado do Penal número 4 da Coruña que será o que terá que ditaminar se houbo ou non estafa despois da denuncia interposta polos veciños afectados, finando xa algúns.

Di que o seu grupo concorda co dito polo Sr. alcalde sobre que hai que solicitar xustiza e indica que os veciños de Culleredo, e en especial os afectados, queren saber a situación da Unidade de Actuación 16 a día de hoxe e queren tamén que o Sr. alcalde ofrezca unha explicación acerca de cal é o papel do Concello de Culleredo, así como tamén de toda a información que tanto el mesmo como todo o equipo de goberno dispoñen ao respecto do caso que se está a tratar.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pregunta ao Sr. Mourelle se sacou algunha conclusión de toda a documentación que analizou.

Responde o Sr. Mourelle Botana e di que os membros do seu grupo non teñen que sacar conclusión ningunha senón que o que fan é solicitar información por petición dos veciños de toda a información que obre en poder do Concello de Culleredo pois, tal como dixo tamén o Sr. alcalde na súa intervención, o que se solicita é xustiza no caso que se está a tratar.

Intervén novamente o Sr. alcalde-presidente e di que a documentación administrativa, que é a única da que dispón o Concello, foi posta a disposición do Sr. Mourelle Botana e por iso lle pregunta se sacou algunha conclusión da mesma.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que o primeiro que quereda facer é saudar a toda a veciñanza que está presente na sesión pero que antes quere facer unha cuña de todo o que vén de dicir o Sr. alcalde.

Di que o Sr. alcalde-presidente na súa intervención dixo que neste punto non hai unha proposta de resolución e que aínda así vai establecer unha quenda de intervencións e lle aclara que a comparecencia dos membros do goberno está recollida no ROM, no Regulamento orgánico municipal, no ROF, o Regulamento orgánico de funcionamento, e na Lei de bases de réxime local, e cita o primeiro punto da convocatoria da sesión que se está a realizar que é que se convoque pleno extraordinario na primeira quincena de setembro a efectos de deixar clara á veciñanza a situación da Unidade de Actuación 16, sendo o segundo punto que se puxera a disposición a documentación; indica que o Sr. alcalde-presidente puido convocar unha xunta de voceiros e aclarar calquera cousa que o equipo de goberno non tivera clara da solicitude pero non o fixeron e engade que si procede o debate pois non se poden facer propostas sen ter visto antes a documentación, e di que unha actitude como a que está a ter o Sr. alcalde non é máis que unha nova volta nas augas turbias e revoltas do turbio e revoltoso asunto que se está a tratar, engadindo que se se rectifica, benvinda sexa a rectificación.

Segue a dicir que vai proceder coa intervención do BNG e que este grupo saúda e dá a benvinda a toda a veciñanza que hoxe está no salón de sesións e lles dá os parabéns pola súa constancia e persistencia para facer valer os seus dereitos, debendo tomar todos exemplo deles.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que a situación que levou a que todos os grupos da oposición, Alternativa dos Veciños, BNG e Partido Popular, solicitaran a convocatoria dun pleno extraordinario, foi a solicitude dun grupo de persoas que foron estafadas nunha operación na que uns especuladores fan unha permuta das súas vivendas a cambio de futuros pisos e rematan quedando sen unha cousa e sen a outra, sendo importante lembrar que ao pouco de dita permuta proceden a derrubarlles as casas; di que non existían garantías malia que o anterior alcalde, o Sr. Sacristán, apadriñou o acordo e mesmo acudiu á notaría para presenciar o acto, cousa que el nega coa pobre excusa de dicir que pasaba por alí para outra cousa; indica que a sucia xogada foi pasarlle as propiedades carentes de garantías a outra sociedade baixo unha forma de pago dun préstamo ficticio aberrante, e que son cousas do capitalismo, no que as sociedades responden co límite do seu capital social, segundo din as leis mercantís, e os administradores saen de rositas desas montaxes e que, tal como dicía Castelao diante dunha pila de libros de leis “todas estas están feitas para amolarvos”; di que a xustiza civil xa lles deu a razón e o pícaro debe pagarlles as parcelas, estando agora no penal, acusando a veciñanza aos homes de prol, aos empresarios exemplares, a eses aos que se lles enche a boca cando din que crean riqueza e emprego, e di que sobre todo riqueza para eles mentres lla chuchan aos demais, aos tipos que reciben premios á excelencia empresarial e que non sabe cantas cousas máis, e engade que o avogado da acusación polo penal fala de estafa impropia por un contrato simulado en prexuízo de terceiros e que se utiliza para alzar os bens do patrimonio e non facer fronte ás obrigas.

C.I.F. P-1503100-H

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que, en paralelo, outro propietario emprendía unha reclamación por todas as vías posibles, alegacións, recursos, contencioso-administrativo, para parar o segundo capítulo de toda a picaresca da que fala e di que os de sempre fixeran promoción dunha xunta de compensación para impulsar o desenvolvemento urbanístico e ao fin resultou que o promotor non tiña o 50% dos terreos necesarios e dicía que si os tiña, metendo fincas que estaban fóra do polígono e inventando outras e, malia toda a tramitación e todas as advertencias do reclamante, o goberno municipal, primeiro o anterior e despois o actual, seguía a impulsar a solicitude do individuo promotor sen telo verificado; indica que aos membros do seu Grupo lles estrañou moito ver na documentación que se admite como acreditación da propiedade as referencias do catastro e non se esixe que se acrediten inscricións rexistrais, invitando a continuación a que calquera dos presentes no salón de sesións probe a acudir a unha entidade bancaria a pedir un préstamo para mercar un coche ao seu fillo e poñer como aval un piso cun certificado catastral e verán como lles din que iso non serve cando para o goberno municipal de Culleredo si serviu e chegou ata o día de hoxe.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que o contencioso-administrativo tumba a Xunta de Compensación e, en consecuencia, a Xunta de Compensación é declarada non conforme a Dereito e a resolución adoptada pola Alcaldía do Concello de Culleredo o 25 de xaneiro de 2017 o mesmo, deixando sen efecto a aprobación definitiva do proxecto de bases e estatutos da Xunta de Compensación da Unidade de Actuación 16 de Culleredo e outro tanto o Estudio de Detalle; indica que polo camiño sucederon cuestións ben chuscas, como que o arquitecto municipal lembrara nun informe que o perito demostra coa súa información que a parcela 10.236 está dentro da unidade de actuación 18, e non na 16 e que de ser así, obviamente, a parcela non se podería ter en conta; di que iso foi advertido nun informe do arquitecto municipal e o goberno municipal nin o mirou, tirando para adiante e resultando que os promotores non tiñan máis do 50% pois nin sequera chegaban ao 35%, advertido ata en seis ocasións polo veciño que finalmente gaña o contencioso-administrativo e tumba unha xunta de compensación inxusta promovida polo mesmo pícaro que fixo as operacións de incautación do patrimonio da xente que agora o senta no banquillo e o acusa de estafador; indica que outra das cousas chuscas das que falou é que o anterior concelleiro de Urbanismo, don Diego Taibo, hoxe membro da procesión dos caladiños do PSOE no Congreso, lle envíe un escrito ao Xulgado do contencioso-administrativo dicindo que non aparece o convenio do ano 98, do que arranca todo o que se está a comentar, e ten que facelo aparecer a persistencia, o traballo da xente que acusa, da xente que está defendendo os seus dereitos, e

aparece non da documentación que teñen eles gardada senón que a fan rescatar da documentación municipal, facendo aparecer os veciños o que non foi capaz de conseguir a solicitude do Xulgado do Contencioso-administrativo.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que hai que lembrar ao Sr. Rioboo cando hai uns meses dixo que ía facer 200 prazas de aparcadoiro para suplir o que se está a facer na avenida de Vilaboa e desde o BNG se lle dixo e se lle advertiu que non podía dispoñer deses terreos porque a Xunta de Compensación estaba suspendida polo procedemento contencioso-administrativo e o que pasou non foi que o Sr. Rioboo ignorara aos membros do BNG senón que xa sabía o que pasaba e simplemente actuaba coas dotes que el mesmo autoproclama de profesional da comunicación e indica que hai profesionais da comunicación que acaban derivando en cloacas; di que o goberno municipal non recorre a sentenza do contencioso-administrativo de maio de 2021, dando por bo o recurso contencioso-administrativo presentado polo veciño que o impulsou e é a outra parte a que a recorre polo que, se o goberno municipal non recorre a sentenza é porque está dando por bo o que dicía o veciño, que é que non se axustaba a Dereito a Xunta de Compensación e, malia iso, meses máis tarde, o Sr. Rioboo di que vai facer alí 200 prazas de aparcadoiro; indica que quen non vexa continuidade na colaboración dos gobernos do PSOE para darlle para adiante e consolidar o golpe e porque non ten as miras que ten que ter e di que desde o BNG se poden propoñer algúns indicios máis e continúa a dicir que un dos informes dun funcionario, no 2012, para advertir que o primeiro dos intentos dos promotores non podía ir adiante, dicía como conclusión que entendía que non podía admitirse como procedemento de equidistribución eses acordos puntuais para favorecer determinadas obras, nin tampouco que no solar se situaran as atraccións de feira ou que se aparcara sobre o mesmo.

C.I.F. P-1503100-H

Continúa a súa intervención e di que nos informes previos á proposta do concelleiro de Urbanismo no momento, o Sr. Diego Taibo, hai un informe da Secretaría daquel momento que advertía o que se transcribe:

“Por todo o exposto, estimo que o proceso de urbanización e cesión se realizou en parte (descoñeza o custo das obras de urbanización e tamén se se executou a cesión do 10% do aproveitamento tipo á Administración, aínda que sospeito que non).

Por tanto, a urbanización está executada, a cesión é imperfecta, pois non se cedeu o 10% do aproveitamento tipo (que descoñeza).

Verbo do sinalado polo técnico municipal, indicar que a urbanización levada a cabo sen a previa aprobación do instrumento de ordenación previsto no PXOM e sen a aprobación do instrumento de equidistribución non se axusta á legalidade, polo que se formula a oportuna advertencia.”

Indica o Sr. Chouciño Garrido que o que vén de ler é o que lle advertía a Sra. secretaria ao Sr. Diego Taibo que propoñía aprobar a cuestión da que se está a falar, e aprobouse igual pese ás advertencias da señora Secretaría, como moitas outras veces pois xa é costume e apróbanse cuestións con informes desfavorables, pedindo sorte de que non apareza un veciño reivindicativo e constante que chegue a onde chegou o que reclamou neste caso; indica que a pretensión desa xente, e di que queda a razoamento de cadaquén sacarlle punta ao asunto, era que as cesións, o procedemento de equidistribución, foran o ter permitido poñer alí os coches de choque ou que permitiran temporalmente o leira park; que lle ordean aos funcionarios que fagan as cousas ben e que constitúan unha xunta de compensación e di que é aí cando o capital, que sempre ten plan b, inicia o que comentou antes e o goberno municipal de Culleredo, primeiro con Sacristán e despois con Rioboo, van tragando a ver se cola e non aparece ese veciño que reclame; segue a dicir que outra boa foi cando a empresa redactora do PXOM de Culleredo, esa que segundo Rioboo non fai falta, di nun escrito que non incluíron no proxecto do PXOM o desenvolvemento da unidade de actuación 16 porque non sabían dela, e di que está así no propio informe de Monteoliva; indica que “que tranquilo lle deixa” e que menudo PXOM que está nos despachos agardando que lle fagan as correccións que lle indican os

funcionarios e do que tamén se pode deducir que nin o Sr. Rioboo agora, nin antes o Sr. Sacristán, poden corrixir esas puntualizacións que fan os funcionarios porque xa se están vendo os grillóns que lles prenden as mans e engade que así está Culleredo, cun goberno municipal que, un tras doutro, amósaxe secuestrado polas mentes máis truculentas, e pon como exemplo o Centro Loxístico de Transportes pola empresa Obralar, SA, o complexo deportivo da Garrocha por outra sociedade usureira fantasma que remata nas mans de Vallehermoso, o futuro das afectacións do aeroporto pola sociedade que cotiza en Bolsa AENA, o futuro das afectacións da autoestrada AP9 pola sociedade que cotiza en bolsa AUDASA, estando o goberno municipal sempre do lado do que está a fastidiar á xente de Culleredo, e que os membros do anterior goberno municipal e os agora presentes foron e seguen sendo colaboradores necesarios para que especuladores sen escrúpulos trasvasen o patrimonio da xente traballadora ao seu propio e que o partido do goberno municipal hai tempo que non merece levar o “S” de socialista nin o “O” de obreiro polo que poden quedar se queren co “E” de español.

Continúa a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e pregunta que vai pasar agora, preguntando se están recibidas as obras de urbanización da rúa Domingo Sierra, froito dun convenio do 2001, e di que non aparece na documentación que dito convenio se ratificara no Pleno; pregunta en que situación está a sentenza do contencioso-administrativo, se se notificou aos interesados ou non, porque na documentación non o viron, e cando se vai publicar nos boletíns a anulación da sentenza; di que o que se anulou foi a aprobación definitiva e pregunta se o goberno municipal vai instar a que se corrixa a aprobación inicial do proxecto de estatutos e bases da Xunta de Compensación; di que iso é o que expuxeron os grupos que asinaron a solicitude do pleno extraordinario que se está a realizar e lle di ao Sr. alcalde que non debería reparar en se falta unha coma ou se o tipo de letra é de 10 ou de 12 ou se o sangrado do parágrafo está a esquerda ou a dereita.

C.I.F. P-1503100-H

De seguido fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que el pensou que non se trataba dunha cuestión política nin de partidos nin de valorar o funcionamento dun partido ou doutro e que pensou que era unha cuestión de que se faga xustiza, independentemente de que un partido governe ou non, e que de todo o discurso feito polo Sr. Chouciño Garrido el vaise quedar so coa parte que ten relación coa unidade de actuación 16 e que, tal como dixo a Sra. García Gorostizu na súa intervención, se pode contestar no momento e se non é así verase que en próximos plenos se fará; indica que non se lle pode achacar que poña reparos por unha coma ou un tipo de letra porque o erro na solicitude de celebración do pleno é moi claro e poderíase ter pedido que se subsanara a petición e, aínda así, estase a realizar o pleno porque o goberno municipal non ten nada que ocultar, todo é transparente e están os xulgados polo medio, non habendo parte administrativa nin vontade do anterior goberno nin do actual, e pide que lle corrixa a concelleira de Urbanismo se está equivocado, porque son todo sentenzas xudiciais; di que os erros administrativos que puidera haber no pasado son subsanados por cuestións administrativas; di que el é alcalde desde o ano 2017 e que no ano 2013 voltou ao partido socialista, porque el sempre estivo afiliado a ese partido aínda que pasou unha etapa no Concello de Culleredo na que formou parte dun terceiro grupo primeiro e segundo máis tarde; di que el xa falou con algúns dos propietarios que hoxe están no salón de sesións e que saben que cando el entrou no goberno municipal unha das cousas que lle preocupaban e lle seguen preocupando é a unidade de actuación 16, ao igual que outras moitas unidades de actuación, e por iso sempre tiveron o seu apoio a pesar de que estiveron cinco anos no Xulgado para tratar de solucionar o problema e el, como persoa, como veciño, pode ter unha opinión ao respecto pero o que el reitera é que se ten que facer xustiza.

Segue a dicir o Sr. alcalde-presidente que este caso xa o coñece porque, aínda que é do ano 2000 e el leva no Concello desde o ano 2007, estivo a falar con moitas das persoas afectadas pola unidade de actuación 16 e di que o Concello vai cumprir exhaustivamente con todo o que lle toca que é a parte administrativa porque o Concello na parte penal nin tan sequera está chamado para nada e o anterior alcalde tamén terá que responder, estando citado como testigo, sendo os letrados da parte que acusa e a Fiscalía a que ten que decidir e se por algún motivo en

calquera momento o Concello se tivera que persoar se persoaría pero de momento o Concello non se tivo que persoar na parte penal.

De seguido solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Político Popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que agradece aos veciños a súa presenza e indica que o día anterior os membros do seu Grupo puxéronse en contacto coa asociación de afectados.

Fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e lle pide ao Sr. Prieto García que, por unha cuestión de estética e tal como establece o Regulamento do Concello, non se dirixa ao público e engade que ve moi ben os agradecementos pero por unha cuestión de orde hai que centrarse na orde do día e non dirixirse ao público, non podendo tampouco o público increpar á Corporación, sendo por unha cuestión de orde e de respecto e que así está regulado.

Retoma a súa intervención o Sr. Prieto García e di que o Partido Popular recolleu o guante no asunto que se está a tratar do anterior voceiro, Sr. Cañás, manténdose xa no seu día numerosas reunións sobre este tema cos veciños afectados, e a actual voceira, a Sra. García Gorostizu, tamén estivo en contacto cos veciños, tendendo o guante constantemente neste asunto e saben que teñen a porta do Partido Popular aberta neste sentido pero a nivel técnico; di que o Sr. alcalde ten razón cando di que o Pleno non pode intervir na decisión final do contencioso nin en vía penal aínda que si posteriormente na valoración da xunta de compensación, e si posteriormente tamén nas bases que se van presentar ou se presentaron xa, e di que non o sabe e que é unha das preguntas que trae preparadas o seu grupo, e si na elaboración de estatutos; di que en relación á solicitude do Pleno si é verdade que se solicita unha dación de conta da información, que si é verdade que a oposición o que pide é información, e neste sentido di que os membros de Partido Popular queren disculparse por confiar en quen non debían pois a eles se lles presentou unha convocatoria de solicitude que se asinou polo que se lles explicou e culpa deles non ler o que outros partidos querían presentar; di que se leu a información, tratouse todo, e calquera persoa afectada ten a man tendida para tratar o asunto referido, así como o goberno municipal cando sexa a parte de lectura das bases e estatutos e o resto da oposición para retomar ese asunto a nivel técnico, e repite que este non é un asunto político, senón técnico, e xa está tramitado o asunto en vía do contencioso polos veciños afectados, que tiñan razón porque a base mínima para solicitar a convocatoria da xunta era do 50% e non se acadaba, engadindo que este é un asunto que debe continuar a vía contenciosa; indica que se intenta dar a este tema un matiz político e que considera que isto é un erro pois o político nesta cuestión non ten que actuar sino como altofalante do veciño e di que se comentaba que os administradores destas empresas se ían ir de rositas e que se acabou a vía civil e di que isto non é verdade e demostra unha falta de preparación dos plenos porque hai que agardar a que haxa sentenza en vía penal dos administradores e haberá que agardar a ver se a administración das empresas implicadas sae condenada por delito de estafa ou se quedan accións por vía da Lei de Sociedades do capital sobre ditas empresas como polo artigo 225, deber de dilixencia do administrador, o artigo 227, deber de lealtade, os artigos 228 e 229 sobre o conflito de intereses, así como a acción individual do artigo 241.

Segue a súa intervención o Sr. Prieto García e di que reitera que este é un tema que está xudicializado e o que hai que facer é presionar ao Concello para que aprobe o Plan Xeral pois neste tema hai un conflito xa que se na vía penal se condena por estafa ás dúas mercantís implicadas, e repite que o Partido Popular non ten acceso ao expediente xudicial en vía penal, habería que ver se nese momento procesal o Concello aproba o Plan xeral urbanístico e se obriga a edificar ao promotor inicial porque entón o que se fai é retrotraer a acción, permitir que se edifique e outorgarlle o seu piso ao veciño; di que esta é unha fase a nivel xurídico e que non se pode permitir politizar isto porque non se pode usar aos veciños como unha ferramenta política senón que o que hai que facer é axudarlles e explicarlles as cousas; di que hai que agardar á sentenza penal e facer presión porque cando haxa unha condena penal é cando hai que facer forza para presionar ao Concello e que aprobe dunha vez o Plan xeral, se reúna cos veciños e ver cal é a situación do Plan Xeral, se se vai aprobar ou non, e engade que unhas das preguntas que o seu grupo trae ao Pleno son esas, se se vai aprobar o Plan Xeral, unha das promesas electorais do goberno municipal, e engade que faltan oito meses para as eleccións municipais e non se reuniu nunca unha

comisión especial para o plan xeral nin se presentou ningún proxecto de plan xeral e que o que lles hai que dicir aos veciños é que ese plan na lexislatura actual non vai existir e, polo tanto, se a sentenza do penal sae neste laxo de tempo, por moito que consigan o resultado que están a buscar, se o Concello non aproba o Plan xeral vai seguir no punto inicial no que o Sr. (e engade que non vai dicir nome ningún porque o tema está xudicializado e el non vai xulgar a ninguén porque para iso está o xuíz) é cando hai que facer presión porque do contrario, se non se aproba o Plan xeral, van seguir igual.

Continúa a dicir que, en canto á situación dos aparcadoiros, publicitouse moitísimo, a nivel de prensa, coa obra de Vilaboa, que ía dotarse a zona de aparcadoiros provisionais e a xuíza do xulgado do contencioso-administrativo xa sinalou e rechazou a legalidade sobre dito asunto da cesión de prazas, engadindo que este é outro tema a tratar e que existen uns estatutos e unhas bases da xunta de compensación que se aprobaron no momento en que o Tribunal do contencioso-administrativo lles deu a razón aos veciños e engade que se se permite a aprobación das bases, ao final as empresas vanse saír co seu, e di que a actitude do Concello debería ser dicirlle aos veciños cal é a súa intención e non a do xulgado, porque xudicializado xa está e ten que responder a se o xulgado lle dá a razón aos veciños e se condena, neste caso, o asunto da estafa, van ter aprobado ou non o plan xeral para que os veciños poidan facer valer o seu dereito e que consigan por fin o piso que lles pertence porque para iso pagaron por el ou se non o van facer, se van ter en conta ou recibiron as bases e os estatutos da xunta de compensación, se se analizaron e que información existe sobre ellos, e se, finalmente, no caso de que siga cara adiante a xunta de compensación, se se vai tomar algunha medida en favor dos veciños.

C.I.F. P-1503100-H

Responde o Sr. alcalde e di que o goberno municipal está para defender aos veciños e que se trata dun plan especial polo que podería ser aprobado exactamente igual e que, con respecto aos aparcadoiros, a Lei do Solo de Galicia di que se pode facer unha permuta directa ou indirecta polo que, se estivera aprobada a unidade de actuación faríase directa e se non estivera aprobada poderíase facer unha permuta indirecta reservando o espazo onde se podería urbanizar e quedando a administración co resto da parcela, polo que si hai ferramentas xurídicas para realizar o que se pretende; di que o goberno municipal respecta a todos os técnicos municipais, tanto xuristas como os relacionados con Urbanismo, e hai que agardar ás resolucións xudiciais que son as que van aclarar toda esta situación.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde levanta a sesión, sendo as dez horas e corenta minutos do expresado día "ut supra".

Autorízase a presente acta coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e da secretaria xeral, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27.10.2022, segundo o borrador asinado o día 21.10.2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Sr. alcalde-presidente e da secretaria xeral, que dá fe.